



ACTA DA 2ª SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL FIXO, DUNHA (1) PRAZA DE OPERARIO/A DE REDES

Sendo as 10:00 horas do día 20 de novembro de 2024 reúnense as persoas que de seguido se relacionan para acordar o exame que se realizará ao aspirante segundo o previsto nas bases que rexen a convocatoria do proceso de estabilización temporal para a provisión, por persoal fixo, dunha praza operario/a de redes

Presidencia:

D. Luis Javier Castro Martínez, Arquitecto técnico do Concello de Teo

Vogal:

D.ª Susana Calvo Baleato, Tesoureira do Concello de Teo

D.ª Olivia Souto Freiria, Arquitecta técnica do Concello de Teo

D.ª Ana María Varela González, Técnica Medio ambiente do Concello de Teo

Secretaría:

D. Diego Rodríguez Porto, Técnico de xestión económica e Tesourería do Concello de Teo

Dáse conta do contido da base nove, concretamente nos seus apartados onde se establece que:

O procedemento de selección será o de concurso – oposición e constará dunha fase de oposición e unha fase de concurso.

A) Fase de Oposición (máximo 60 puntos)

As probas da fase de oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios, non tendo carácter eliminatorio os dous primeiros exercicios desta fase de oposición. Non obstante o anterior, non accederá á fase de concurso quen non acade un mínimo de 30 puntos no conxunto da fase de oposición ou quen, aínda cando acade a devandita puntuación, non supere o terceiro exercicio.

Os contidos e cualificación serán os que de seguido se describen:

A.1 Primeiro exercicio (máximo 25 puntos): de carácter obrigatorio e non eliminatorio, consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por cincuenta (50) preguntas, máis cinco (5) de reserva, con catro (4) respostas alternativas, sendo só unha delas



a correcta, relacionado co contido funcional do posto e coas materias contidas no temario que figura como anexo II destas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que con data límite da data de publicación da convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no anexo II e que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación da convocatoria do presente proceso selectivo.

O número de preguntas da parte xeral e da específica virá determinada, de forma aproximada, pola proporción existente entre o número de temas de cada parte.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos/as aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial darase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbese máis dunha anulación.

O exercicio será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de setenta (70) minutos.

A puntuación máxima posible de este exercicio é de vinte e cinco (25) puntos, asignándose 50 centésimas de punto (0,50) por cada resposta correcta e restándose dez (0,10) centésimas de punto por cada resposta incorrecta.

No prazo de dous (2) días hábiles seguintes á celebración do exercicio, publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar no que se realizou e na páxina web municipal: www.teo.gal.

De acordo co exposto, o tribunal réunese ás 10:00 horas do día 20 de novembro de 2024 na Sala de xuntas do Concello para a confección do primeiro exercicio tipo test, da fase de oposición segundo o disposto nas bases que rexen o proceso selectivo.

Incorpórase como Anexo I á presente o exercicio proposto.

Sendo as 11:00 horas procédese a realizar chamamento público das persoas aspirantes, co seguinte resultado:

APellidos	NOME	DNI	ASISTENCIA
CREO RIAL	MANUEL	***9654**	SI

Antes de comezar a realización do exercicio, explícaselle á persoa aspirante o sistema a seguir para dar cumprimento ao establecido nas bases.



Sendo as 11:05 horas da comezo a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, cunha duración de 70 minutos, rematando as 11:42 horas, momento no que entregou o exercicio o aspirante.

Sendo as 11:50 horas, procédese polo Tribunal a corrixir o primeiro exercicio da fase de oposición.

Sendo as 12:15 horas remata a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, co seguinte resultado:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
CREO RIAL	MANUEL	****9654**	20,40 ptos

De acordo ca base novena que rexen a convocatoria, o tribunal acorda:

Primeiro.- Que se publique a puntuación obtida pola persoa aspirante así coma as respostas correctas do cuestionario tipo test na xunta de goberno local (lugar onde se realizou o exercicio), na páxina web do Concello (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndolles un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de alegacións e/ou reclamacións.

Segundo.- Convocar á persoa aspirante, para a celebración do segundo exercicio da citada fase (proba práctica, non escrita, relacionada coas actividades e funcións habituais do posto a desempeñar, e con arranxo ao programa e materias incluídos na parte específica do temario correspondente ao anexo II das Bases que rexen a convocatoria), o **día 25 de novembro ás 11:00 horas** na nave do servizo municipal de augas. O tribunal reunirase ás 10:00 horas do mesmo día para determinar o citado exercicio.

Sendo as 12:15 horas dáse por rematada a sesión, asinándose a presente acta en proba de conformidade.



Presidenta	Vogal
Luis Javier Castro Martínez	Susana Calvo Baleato
Secretario	Vogal
Diego Rodríguez Porto	Olivia Souto Freiría
Vogal	
Ana María Varela González	



ANEXO I

CUSTIONARIO TIPO TEST

1.- A sanción da Constitución de 1978, realizouse por:

- a) O congreso dos deputados.
- b) As cortes xerais.
- c) **O rei.**
- d) O presidente do congreso.

2.- A pena de morte en España:

- a) **Quedou abolida**
- b) Pode aplicarse en calquera momento
- c) Só se aplicará, en tempo de guerra, aos militares
- d) Rexe no ámbito civil.

3.- Segundo o artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia “Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do :

- a) **Parlamento, da Xunta e do seu Presidente**
- b) Exclusivamente a través do Parlamento.
- c) Exclusivamente a través do Presidente.
- d) Exclusivamente a través da Xunta

4.- En que título do Estatuto de Autonomía regúlanse as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) No preliminar
- b) No Título I
- c) **No Título II**
- d) No Título III

5. Os elementos do municipio son:

- a) O territorio, a poboación e o financiamento
- b) O territorio, as institucións e a organización
- c) A organización, a autonomía e o territorio
- d) **A poboación, a organización e o territorio**

6. Non é unha atribución do alcalde:

- a) Aprobar a oferta de emprego pública
- b) **A aprobación do Regulamento orgánico e das ordenanzas**



- c) Ditar bandos
- d) Exercer a xefatura da Policía Local

7. A xunta de goberno local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros:

- a) **Non superior ao terzo do numero legal dos mesmos**
- b) Non superior á metade do número legal dos mesmos
- c) Non superior a dous terzos do número legal dos mesmos
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

8. A lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, aplícase ao Sector Público, que comprende (sinale a resposta incorrecta):

- a) A Administración xeral do Estado
- b) As Administracións das Comunidades Autónomas.
- c) As Entidades que integran a Administración Local.
- d) **As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das Administracións Públicas, que quedarán suxeitas ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran ás mesmas, aínda que non exerzan potestades administrativas.**

9. Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos:

- a) En todo caso dende a data en que se ditén.
- b) **Desde a data en que se ditén, salvo que neles dispónase outra cousa**
- c) Ao día seguinte de que se ditén.
- d) Ningunha resposta é correcta.

10. O órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas, será:

- a) A seguridade social
- b) A Axencia estatal Tributaria
- c) O ministerio de traballo
- d) **O Instituto nacional de Seguridade e Hixiene no traballo**

11. A quen corresponde a función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais:



- a) **Á inspección de traballo e seguridade social.**
- b) Á comunidade autónoma correspondente.
- c) Ao concello.
- d) Ao xefe de obra.

12. De acordo ao disposto no artigo dá Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de augas, saneamento e depuración do Concello de Teo, que regula a cota tributaria establécese en relación ao abastecemento de augas para os usuarios domésticos:

- a) Un mínimo de consumo, ata 20m³/Trm: 0,3130€/ metro cúbico.
- b) Mínimo de consumo, ata 12m³/Trm: 0,3130€/ metro cúbico.
- c) **Un mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,3130€/ metro cúbico.**
- d) Ningunha resposta é correcta.

13.- En que parroquias se atopan as tres principais EDARs do Concello de Teo

- a) **Calo, Cacheiras e Reis.**
- b) Calo, Os Tilos e Reis.
- c) Calo, Os Tilos e Oza.
- d) Cacheiras, Bamonde, Lampai.

14.- En qué parroquia está situada a principal zona de captación de auga do Concello de Teo?

- a) Lampai.
- b) Cacheiras.
- c) Os Tilos.
- d) **Reis.**

15.- Segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración das augas residuais do Concello de Teo enténdese por acometida de saneamento...

- a) **O colector das augas residuais dunha instalación, edificio, establecemento ou nave industrial, que se estende dende a beira da parcela ou propiedade pública ou privada ata o rexistro de saneamento ao que está conectado.**
- b) O colector de augas residuais dunha instalación, edificio, establecemento ou nave industrial, que se estende dende o beira do edificio ata a vía pública.
- c) O rexisto de saneamento ao que está conectado o colector de augas residuais dunha instalación, edificio, establecemento ou nave industrial.
- d) O colector que recolle as augas usadas procedentes dos baños, cociñas e a cuberta dun edificio ou vivenda, ata o límite da parcela de titularidade privada.

16.- Que é unha válvula de seguraza ou seguridade?

- a) É un dispositivo mecánico para aliviar presión, activado pola presión estática que exerce o fluído contido nun recipiente ou canalización co cal está comunicada a válvula.
- b) É un dispositivo automático que actúa en caso de detectar unha fuga na rede de abastecemento.
- c) **É un dispositivo automático para aliviar presión, activado pola presión estática que exerce o fluído contido nun recipiente ou canalización co cal está comunicada a válvula.**
- c) É un dispositivo mecánico para aliviar presión, activado por unha sonda conectada á canalización ou recipiente, a cal mide a cantidade de líquido contido.

17.- Un filtro de area é...

- a) Un sistema de filtración a través dunha capa de diatomeas, forzando o paso da auga mediante un sistema de presurización ou aspiración da auga.
- b) Un elemento de retención mediante unha malla que evita o paso de partículas sólidas ou malla por encima dun determinado tamaño.
- c) **Un sistema para retención de sólidos en suspensión a través dunha ou máis capas de sílex de granulometría controlada.**
- d) Un sistema de filtración que ten como obxecto a regulación do ph da auga.

18.- Na sinalización óptica nos centros de traballo, a cor vermella de seguridade ten como significado:

- a) Sinal de prohibición perigo-alarma
- b) Material e quipos de loita contra incendios.
- c) **As respostas anteriores son correctas.**
- d) Ningunha das respostas é correcta.

19.- O ruído, iluminación, temperatura e humidade, exposición a gases, radiación, exposicións a enfermidades infecciosas e contaminantes biolóxicos encóntranse entre:

- a) **Os riscos hixiénicos.**
- b) Os riscos de seguridade.
- c) Os riscos de queimaduras.
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**

20.- Cal e a posición básica de funcionamento das válvulas de comporta:

- a) A posición básica é pechada e abrírase cando se pretenda cortar o subministro de auga a unha zona determinada.
- b) As posicións básicas son as posicións intermedias xa que a súa función é regular o paso da auga polo que nunca pecha totalmente o paso.
- c) As válvulas de comporta non se empregan nas redes de abastecemento de auga.
- d) A posición básica é aberta ou pechada, adquirindo carácter de provisionalidade as posicións intermedias.**

21.- ¿Qué dúas condicións indispensables deben cumprir, tanto as tubaxes como os elementos accesorios das rede abastecemento de auga?

- a) Resistencia e flexibilidade.
- b) Resistencia e estanquidade.**
- c) Flexibilidade e estanquidade.
- d) Accesibles e rexistrables

22.- Cales son as funcións das ventosas nas redes de abastecemento de auga:

- a) Expulsión do aire almacenado na tubaxe durante os procesos de enchido.
- b) Entrada de aire na conducción durante os procesos de baleirado.
- c) As respostas a e b son correctas.**
- d) Ningunha das respostas é correcta.

23.- Para que se utilizan os macizos ou bases de ancoraxe:

- a) Empréganse para darlle flexibilidade os compoñentes da rede de abastecemento de auga que poidan estar sometidos a empuxes por mor da presión hidráulica (cóbados, cambios de dirección, reducións, válvulas de seccionamento ou regulación etc.) De xeito que contrarreste o empuxe e asegure a súa flexibilidade.
- b) Para situar e fixar o armario onde se pretende instalar un contador individual de consumo de auga.
- c) Os macizos de ancoraxe non son necesarios nas redes de abastecemento de augas.
- d) Empréganse para fixar tódolos compoñentes da rede de abastecemento de auga que poidan estar sometidos a empuxes por mor da presión hidráulica (cóbados, cambios de dirección, reducións ,válvulas de seccionamento ou regulación etc.) de forma que contrarreste o empuxe e asegure a súa inmovilidade.**

24.- Cando se abre unha gabia para instalar unha rede de abastecemento de auga, as tubaxes:

- a) Asentaranse directamente sobre a base da gabia.
- b) Non se deberá colocar sobre a base da gabia, se non que, dependendo das consideracións que o respecto se houberen tido en conta no cálculo mecánico da tubaxe, asentaranse sobre camas de apoio, que serán de material granular ou de formigón.**
- c) Asentaranse sobre tacos de goma ou elementos elásticos.
- d) Asentaranse sobre tacos de madeira.

25.- Para levar a cabo as probas de carga dunha tubaxe da rede de abastecemento, antes de empezar:

- a) Estarán colocadas, na súa posición definitiva, todas tubaxes, pezas especiais e accesorias etc. e executados os macizos de ancoraxe necesarios, ademais comprobarase que as válvulas existentes, no tramo a ensaiar, se atopan abertas.**
- b) Estarán colocadas na súa posición definitiva tódolos tubaxes, pezas especiais, etc., ademais comprobarase que as válvulas existentes se atopan abertas e os macizos de ancoraxe executarase con posterioridade a proba de carga.
- c) Non é necesario probar as tubaxes porque o material empregado esta garantido.
- d) Deberán estar colocados na súa posición definitiva todos os tubos, pezas especiais etc., e estar executados os macizos ou bases de ancoraxe necesarios, así como tapada totalmente a gabia ata a rasante natural do terreo, pero sen reposición do pavimento.

26.- ¿Qué dispositivos empregaranse para medir a presión nas redes de abastecemento de auga?:

- a) Transmisores de presión.
- b) Manómetros.
- c) As respostas a e b son correctas**
- d) Ningunha é correcta.

27.- Para medir o caudal circulante polos condutos da rede de distribución de auga empregaranse:

- a) Manómetros.
- b) Fluxómetro.
- c) Caudalímetros.
- d) **Caudalímetros.**

28.- Os equipos de análise empregados para a determinación dos distintos parámetros que caracterizan a calidade da auga que descorre pola rede de distribución, son os seguintes:

- a) Analizadores de mercurio, analizadores de ph e condutividade e analizadores de turbidez.
- b) Analizadores de cloro, analizadores de ph e condutividade e analizadores de fecais.
- c) **Analizadores de cloro, analizadores de ph e condutividade e analizadores de turbidez.**
- d) Ningunha é correcta.

29.- ¿Qué son os pozos de rexistro das redes de saneamento?:

- a) Son aparellos que se instalan nas arquetas dos sumidoiros para controlar o caudal que circula polas tubaxes.
- b) Son elementos onde se verten as augas fecais para que sexan filtradas polo terreo.
- c) **Son elementos que se instalan nas redes de saneamento para permitir o acceso, a inspección e/ou limpeza da rede.**
- d) Son elementos onde se extrae auga subterránea para abastecer as cámaras de descarga da rede de saneamento.

30.- O mantemento que ten por obxecto xeral actuar antes de que se produza unha avaría que consiste basicamente en realizar modificacións na instalación que eviten os fallos é un:

- a) Mantemento ocasional.
- b) Mantemento correctivo.
- c) **Mantemento modificativo.**
- d) Mantemento obrigatorio.

31.- Das seguintes afirmacións, sinala a que é errónea :

- a) As canalizacións soterradas de tipo hidráulico descorrerán por debaixo das de enerxía (gas, electricidade e alumeadado público)
- b) **As canalizacións soterradas de saneamento de augas residuais e fecais irán sempre encima das canalizacións de auga potable.**
- c) Nun sistema de saneamento separativo, as canalizacións de augas pluviais deberán ir sempre por encima das canalizacións das augas residuais.
- d) As canalizacións subterráneas de saneamento de augas residuais dispoñerán dos pozos de rexistro necesarios para facilitar un adecuado mantemento da rede.

32.- Dos seguintes tipos de redes, sinala cal non forma parte da rede pública de abastecemento de auga:

- a) Rede de rega instalada nunha zona verde pública.
- b) Rede de protección contra incendios instalada nun polígono industrial.
- c) Rede de drenaxe instalada nunha urbanización de vivendas.**
- d) Ningunha é correcta.

33.- As canalizacións soterradas das diferentes instalacións urbanas se estratificarán en vertical, baixo a beirarrúa, co seguinte orde (de menos a máis profundidade):

- a) Electricidade, telecomunicacións, saneamento de augas residuais e abastecemento de auga.
- b) Abastecemento de auga, saneamento de augas residuais, telecomunicacións e electricidade.
- c) Saneamento de augas residuais, abastecemento de auga, telecomunicacións e electricidade.
- d) Telecomunicacións, electricidade, abastecemento de auga e saneamento de augas residuais.**

34.- Cáles son os tipos de redes de abastecemento de auga segundo a súa estrutura en planta:

- a) Rede ramificada, complexa e unitaria.
- b) Rede ramificada, mallada ou pechada, e mixta.**
- c) Rede primaria, secundaria e de rega.
- d) Rede de abastecemento doméstico, industrial, contra incendios e rega.

35.- Das seguintes equivalencias de unidades de presión, sinala cal é a correcta:

- a) $1 \text{ Kg/cm}^2 = 10 \text{ atm} = 100 \text{ m.c.a.}$
- b) $1 \text{ Kg/cm}^2 = 1 \text{ atm} = 10 \text{ m.c.a.}$**
- c) $10 \text{ Kg/cm}^2 = 100 \text{ atm} = 1 \text{ m.c.a.}$
- d) $1 \text{ Kg/cm}^2 = 0.1 \text{ atm.} = 10 \text{ M.C.A.}$

36.- Considerase un ramal de acometida de abastecemento como :

- a) O treito de tubaxe que enlaza a rede de abastecemento exterior ca instalación interior dunha edificación, rematando nunha arqueta de acometida.**
- b) O treito de tubaxe entre o contador xeral de consumo e a válvula de corte xeral da vivenda.

- c) O treito de tubaxe entre a montante xeral do edificio e a derivación a cada aparello sanitario
- d) O tramo de tubaxe entre o contador individual, situado no cuarto de contadores dun edificio de vivendas, e a chave de corte interior de cada vivenda..

37.- Nunha rede de abastecemento de auga ¿ónde se deben instalar as ventosas?

- a) **Nos puntos máis altos da rede, co fin de evacuar o aire das tubaxes, e eventualmente, para permitir a entrada do mesmo.**
- b) Nas arquetas de acometida.
- c) Sempre antes dunha boca de rega.
- d) A continuación de cada redución no diámetro da tubaxe de abastecemento (en cada redución de sección).

38.- Dos seguintes materiais ¿cal non se emprega actualmente para a fabricación de tubaxes de abastecemento de auga?.

- a) Fundición.
- b) Poliéster reforzado con fibra de vidro.
- c) Polietileno.
- d) **Fibroemento**

39.- Nas redes de abastecemento, definimos caudal como:

- a) **A cantidade de auga que pasa por unha sección de tubaxe nunha unidade de tempo.**
- b) A velocidade da auga que circula por unha sección determinada de tubaxe.
- c) A presión da auga que existe nun determinado punto da tubaxe da rede.
- d) A cantidade de auga consumida segundo a lectura do contador.

40.- ¿Cál é a fórmula básica para dimensionar e calcular unha rede de distribución de auga?:

- a) Presión = Velocidade – perda de carga
- b) Caudal = Presión x velocidade
- c) **Caudal = Velocidade x sección.**
- d) Sección= $\pi \times (\text{radio})^2$

41.- Un dos parámetros para dimensionar e calcular unha rede de distribución é a perda de carga, definida como :

- a) **A perda de presión da auga que se produce a medida que avanza pola rede, por mor, fundamentalmente, ao rozamento, aos cambios de dirección e sección da tubaxe.**
- b) A redución de volume de auga dentro da propia tubaxe , por mor a unha excesiva acumulación de aire.
- c) A perda de presión da auga por mor a un consumo excesivo (puntas de consumo).
- d) A perda de presión de auga debida á profundidade á que se atopa a tubaxe enterrada.

42.- O xefe do servizo mándanos buscar ao almacén un treito de tubaxe de polietileno de alta densidade de 90 mm. de diámetro nominal, para unha presión de traballo de 10 Kg/cm². Dentro do propio almacén, atopamos varios tipos de tubaxe cas identificacións que se indican a continuación. ¿Cál delas corresponde a tubaxe que nos pide o xefe de servizo?

- a) PVC PN16 DN=90
- b) BD PE40 PN90 DN=10
- c) PVC PN60 PN90 DN=10
- d) AD PE80 PN10 DN=90**

43.- ¿Cál dos seguintes tipos de augas, segundo a súa procedencia, non son consideradas augas residuais?

- a) Augas de drenaxe de terreos**
- b) Augas grises (industriais)
- c) Augas amarelas (agrícolas)
- d) Augas fecais.

44.- A rede de saneamento ten como obxecto a rápida evacuación das augas residuais e fecais e dirixilas a un punto de vertedura. As distintas fases de saneamento, pola que pasa as augas usadas dunha poboación serán as seguintes (de xeito ordenado):

- a) Recollida, transporte, almacenamento ou regulación, depuración e vertedura.**
- b) Vertedura, almacenamento, recollida, transporte, e depuración
- c) Recollida, almacenamento, depuración, transporte e vertedura.
- d) Depuración, almacenamento e vertedura.

45.- Nunha rede de saneamento, en base a mestura ou non dos diferentes tipo de augas, existen os seguintes sistemas de recollida:

- a) Sistema unificado, independente, ramificado e industrial.
- b) Sistema unitario, separativo, semiseparativo, dobremente separativo e mixto.**
- c) Sistema mixto, complexo, unitario e radial.
- d) Ningunha é correcta.

46.- Un taller mecánico solicita unha acometida a rede de saneamento de augas residuais e fecais. ¿Qué dispositivo esixiremos que instale previamente a dita acometida?

- a) Arqueta decantadora.
- b) Arqueta separadora de graxas, de orixe vexetal ou animal.
- c) Arqueta filtrante.
- c) Arqueta separadora de hidrocarburos.**

47.- Para levar a cabo as tarefas necesarias para un axeitado mantemento e conservación da rede de saneamento, resulta inevitable a inspección periódica de dita instalación. Por tal motivo, resulta necesario instalar pozos de rexistro en :

- a) Cambios de dirección, pendente e sección da rede, así como no encontro de varios colectores, evitando superar a distancia de 50m. entre pozos.**
- b) Unicamente onde existan beirarrúas, mantendo unha separación mínima de 50m. entre pozos.
- c) Na fronte de cada edificio ou parcela edificada.
- d) Non necesitan pozos de rexistro. É suficiente coa instalación de arquetas de rexistro cada 50m.

48- Dos seguintes materiais ¿cal non se emprega actualmente para a fabricación de pozos prefabricados, tanto para pluviais como residuais?.

- a) Polietileno de alta densidade.
- b) Policloruro de vinilo no plastificado (PVC-U)
- c) Fundición dúctil**
- d) Formigón.



49.- Nunha rede de saneamento de augas residuais e fecais ¿Para qué serven as cámaras de descarga e ónde se instalan?

- a) **Serven para limpeza da rede de colectores mediante o baleirado periódico de auga, e están instaladas, xeralmente, no inicio do treito da rede.**
- b) Serven para aliviar aqueles colectores saturados, que superan a súa capacidade máxima de evacuación. Instalaranse naqueles treitos da rede propensos a colapsarse.
- c) Serven para verter as augas fecais e residuais, acumuladas nun depósito ou pozo negro, ata rede de saneamento, mediante un bombeo. Instalaranse en aquelas acometidas particulares onde a cota de evacuación do edificio ou vivenda está por debaixo da cota da rede de saneamento.
- d) A rede de saneamento de augas residuais e fecais en ningún caso non precisa a instalación dunha cámara de descarga.

50.- Dos seguintes parámetros de cálculo ¿Cál non se emprega para dimensionar unha rede de saneamento de augas residuais e fecais?

- a) **Presión (kg/cm²)**
- b) Pendente. (%.)
- c) Velocidade (m/s)
- d) Potencia (W).



PREGUNTAS DE RESERVA (PARTE COMÚN)

01. De acordo ao disposto no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de augas, saneamento e depuración do Concello de Teo, que regula a devindicación da taxa:

- a) **A cobranza realizarase con periodicidade trimestral.**
- b) A cobranza realizarase con periodicidade bimensual.
- c) A cobranza realizarase con periodicidade anual.
- d) A cobranza realizarase con periodicidade semestral.

02. Segundo o artigo 10 do Regulamento do servizo municipal abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Teo:

- a) En todo caso toda edificación de nova construción situada a unha distancia igual ou inferior a cincuenta (50) metros das redes públicas de abastecemento e/ou saneamento está obrigada a conectarse ás mesmas.
- b) Toda edificación de nova construción situada a unha distancia igual ou inferior a trinta (30) metros das redes públicas de abastecemento e/ou saneamento está obrigada a conectarse ás mesmas, excepto circunstancias específicas de imposibilidade técnica ou especial gravosidade económica acreditadas en expediente administrativo tramitado para o efecto a solicitude do titular obrigado á conexión.
- c) Toda edificación de nova construción situada a unha distancia igual ou inferior a cen (100) metros das redes públicas de abastecemento e/ou saneamento está obrigada a conectarse ás mesmas, excepto circunstancias específicas de imposibilidade técnica ou especial gravosidade económica acreditadas en expediente administrativo tramitado para o efecto a solicitude do titular obrigado á conexión.
- d) **Toda edificación de nova construción situada a unha distancia igual ou inferior a cincuenta (50) metros das redes públicas de abastecemento e/ou saneamento está obrigada a conectarse ás mesmas, excepto circunstancias específicas de imposibilidade técnica ou especial gravosidade económica acreditadas en expediente administrativo tramitado para o efecto a solicitude do titular obrigado á conexión.**

PREGUNTAS DE RESERVA (PARTE ESPECÍFICA)

03.- En base ao DB-HS4 do código técnico da edificación, unha acometida de auga potable debe conter, como mínimo os seguintes elementos:

- a) **Válvula de toma ou collarín de toma en carga, tubaxe de acometida e válvula de corte xeral.**
- b) Derivación individual, tubaxe de alimentación, e válvula de escuadra dentro dunha arqueta de rexistro.
- c) Tubaxe de alimentación, válvula antirretorno e válvula de corte xeral .
- d) Contador e derivación individual.

04.- Para evitar a inversión do sentido do fluxo da auga, entre a instalación particular dun edificio e a rede de abastecemento municipal, dispórase dunha válvula antirretorno:

- a) Antes do contador xeral ou contador individual illado.
- b) Despois do contador xeral ou contador individual illado.**
- c) Antes válvula de toma da propia acometida.
- d) En ningún caso.

05.- : ¿Qué dispositivo se debe instalar para garantir unha presión axeitada na instalación particular dunha vivenda, que se atopa na última planta dun edificio, e non acada a presión mínima necesaria en cada punto de consumo?

- a) Un grupo de presión.**
- b) Unha válvula limitadora de presión.
- c) Un depósito de acumulación
- d) unha cámara de descarga